

IDADE DO BRONCE

Civilización cretense ou minoica (3000-1450)

Creta é unha illa situada ao sur do Continente, a meirande das illas gregas. Durante a Idade do Bronce desenvolveuse nela unha civilización avanzada que o arqueólogo Evans deu en chamar “minoica” porque identificou as ruínas atopadas en Cnoso co pazo do lendario rei Minos. Sabemos que era un pobo dedicado sobre todo a comerciar con todo tipo de mercadorías, tanto exportación como importación, a través do mar, do que posuía o control (1ª *talasocracia*).

As excavacións feitas no pazo de Cnoso revélanos que a súa arquitectura e cultura en xeral estaba moi desenvolvida: o pazo ten unhas dimensións enormes, catro andares; salas construídas arredor de patios interiores, columnas de madeira que sostían grandes entablamentos e escaleiras; tiñan un sistema de escritura (lineal A, diso de Festo) (*incluso o primeiro “váter”). Sabemos que adoraban unha divindade feminina relacionada coa fertilidade (*deusa das serpes). Un símbolo que reproduce unha dobre machada (labryx) aparece por todas partes, o que deu argumentos a Sir Arthur Evans para identificalo co “labirinto” onde estaba encerrado o minotauro.

Cnoso, Festo e Haxia Tríada son as cidades-pazo máis importantes desta cultura. Os frescos dos pazos mostran escenas naturalistas e tamén deixan ver que o touro foi un animal importante nesta cultura.

Sobre o ano 1500 a. C. un gran terremoto/explosión volcánica destruíu esta civilización. Aínda que se recuperou, a cultura que a segue a esta destrución é xa micénica, a partir de 1400: seguramente os aqueos aproveitaron a debilidade que seguiu o desastre natural para o seu dominio. A partir de entón teremos o seu sistema de escritura adaptado a unha nova lingua xa grega, o silabario Lineal B; estas taboíñas de arxila foron descifradas por Ventris nos anos 50.

